

Presidente do GDR GDR 05 MIÑO ULLA

Edificio Multiusos Consello de Santiago Praza de Galicia s/n 3º Andar

XUNTA  
DE GALICIA

Saída 495209 / RX 614204

REXISTRO ELECTRÓNICO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 12/04/2021 11:12:30



**RESOLUCIÓN** pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR /a asemblea xeral do GDR procede á aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural, mediante o Acordo do 30 de marzo de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítase esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.



# ANEXO I



### *Investimentos no sector da produción agrícola, gandeira e forestal*

#### Xustificación

O sector agrícola e gandeiro ten moita importancia no GDR05, cun número grande de explotacións, é o sector que ocupa o segundo lugar por número de afiliados, e nalgúns dos concellos constitúe a primeira actividade, polo que as actuacións no mesmo contribuirán de xeito decisivo á creación e/ou mantemento de emprego.

A tramitación dunha nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que regula novos instrumentos para a posta en valor dos terreos agroforestais e a recuperación demográfica do medio rural, representa unha grande oportunidade para o desenvolvemento rural do territorio galego. Por todo iso, o programa Leader debe prever a posibilidade de dar soporte a proxectos vinculados a estes instrumentos, tanto a aqueles orientados ao aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal da terra, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións e as actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, como a aqueles destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural, como son os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo. Por outra banda, tamén resulta de interese dar apoio a través do programa Leader a plans ou a actuacións integrais de desenvolvemento rural enmarcados en plans estratéxicos supramunicipais.

Esta nova situación, supón a inclusión de novas actuacións na nosa EDLP.

#### Accións a desenvolver

- Investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria.
- Investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por Agader. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
- Investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.



*Tipo de proxectos a subvencionar*

*Pola súa natureza:* Productivos e non productivos.

*Polo seu beneficiario:* Promotores públicos e privados.

*Pola inclusión na estratexia:* Proxectos programados e non programados.



<b>BAREMO PROXECTOS NON PRODUTIVOS</b>	<b>INICIAL</b>	<b>MODIFICADO</b>
<b>1. Localización xeográfica do investimento</b>	<b>40 puntos</b>	<b>40 puntos</b>
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante (RDBph)	5 puntos	5 puntos
1.2. Porcentaxe paro rexistrado sobre poboación $\geq 16$ anos	10 puntos	10 puntos
1.3. Densidade de poboación	10 puntos	10 puntos
1.4. Taxa de envellecemento da poboación	5 puntos	5 puntos
1.5. Parroquia ou entidade colectiva de poboación onde se localiza a inversión	10 puntos	10 puntos
<b>2. Características do promotor é ámbito de actuación do investimento</b>	<b>20 puntos</b>	<b>20 puntos</b>
<b>2.1. Características do promotor do investimento</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
2.1. Investimentos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, C.M.V.M.C. ou as súas mancomunidades nas que unha % igual ou superior ao 50% do seu órgano directivo sexan mulleres, homes $\leq 40$ anos ou $\geq 50$ anos, persoas con diversidade funcional $> 33\%$ ou en risco de exclusión social, inmigrantes ou emigrantes retornados	10 puntos	10 puntos
2.2. Investimentos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, C.M.V.M.C. ou as súas mancomunidades nas que unha % igual ou superior ao 50% do seu órgano directivo sexan homes $> 40$ anos e $< 50$ anos	5 puntos	5 puntos
<b>2.2. Ámbito de actuación do investimento</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
2.2.1. O investimento está vinculado con algún dos instrumentos de recuperación e posta en valor de terras		10 puntos
2.2.2. O investimento ten ámbito supramunicipal (afecta a máis dun concello)	10 puntos	8 puntos
2.2.3. O investimento ten ámbito municipal (afecta a todo o concello)	7 puntos	5 puntos
2.2.4. O investimento afecta a unha parroquia ou entidade singular	5 puntos	3 puntos
<b>3. Impacto sobre o territorio do investimento</b>	<b>40 puntos</b>	<b>40 puntos</b>
<b>3.1. Poboación beneficiada co investimento e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
3.1.1. Si o investimento ten como obxectivo prioritario beneficiar ou dar servizos á terceira idade, infancia, mulleres, mozos/as, persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social, inmigrantes ou emigrantes retornados	10 puntos	10 puntos
3.1.2. Si o investimento está orientado a crear, fomentar, complementar ou mellorar a actividade ou os servizos turísticos	8 puntos	8 puntos
3.1.3. Si o investimento ten por obxecto a preservación do medioambiente, a mitigación do cambio climático ou a redución de emisións de carbono, a mellora da eficiencia enerxética ou o emprego de fontes de enerxía renovables	6 puntos	6 puntos
3.1.4. Si o investimento está orientado á implantación e/ou uso das TIC no territorio, ou a crear, fomentar ou mellorar os servizos de lecer, educativos, sanitarios e/ou actividades deportivas	4 puntos	4 puntos
3.1.5. Se o investimento está orientado a crear, fomentar ou mellorar os servizos e infraestruturas que favorezan o asociacionismo e/ou as actividades culturais no territorio	2 puntos	2 puntos
<b>3.2. Potencialidade do investimento para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
3.2.1. Se o investimento crea emprego (só se puntuarán cando o emprego sexa igual ou superior a 0,25 UTAS)	10 puntos	10 puntos
3.2.2. Se o investimento non crea emprego	5 puntos	5 puntos
<b>3.3. Incidencia medioambiental do investimento</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
3.3.1. Actuacións de mellora paisaxística ou recuperación do entorno	7 puntos	7 puntos
3.3.2. Rehabilitación fronte a nova construción	7 puntos	7 puntos
3.3.3. Utilización de enerxías renovables (puntuarase cando o investimento sexa como mínimo de 1.000 €)	3 puntos	3 puntos
3.3.4. Localización en polígonos industriais	2 puntos	2 puntos
<b>3.4. Incidencia sobre o patrimonio do investimento</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
Se o investimento rehabilita, difunde, promociona ou desenvolve o patrimonio rural, tanto material como inmaterial, nas súas diferentes vertentes: natural, paisaxística, etnográfica, arquitectónica ou cultural	10 puntos	10 puntos



Nos proxectos non produtivos, como xa quedou claro ao principio desta Parte V, distínguense tres categorías: proxectos non produtivos de prioridade alta, proxectos non produtivos de prioridade media e proxectos non produtivos de prioridade baixa. Pasamos de seguido a definir os proxectos incluídos en cada unha das categorías.

**Proxectos non produtivos de prioridade alta**(axuda máxima 90 % e mínima 70%):

- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación.
- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes.
- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable.
- Proxectos de mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación en xeral).
- Servizos de transporte adaptado.
- **Investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.**

**Proxectos non produtivos de prioridade media**(axuda máxima 70 % e mínima 50%):

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas da natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos e puntos de información turística.
- Creación, reforma ou ampliación de edificios destinados a locais sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento (a contía máxima de axuda por cada proxecto deste tipo non poderá exceder dos 50.000,00 €).

**Proxectos non produtivos de prioridade baixa**(axuda máxima 50% e mínima 30%):

- Infraestruturas de lecer (ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de lecer).
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos de xeito global para interese de todo o territorio.
- Participación en certames, eventos, feiras, edicións de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Todos aqueles outros proxectos non produtivos que, sendo subvencionables, non sexan de prioridade alta ou media.

Nota: Non serán elixibles dentro da estratexia de desenvolvemento rural os proxectos de sinalización territorial, nin os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3º, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



<b>BAREMO PROXECTOS PRODUTIVOS</b>	<b>INICIAL</b>	<b>MODIFICADO</b>
<b>1. Localización xeográfica do investimento</b>	<b>40 puntos</b>	<b>40 puntos</b>
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante (RDBph)	5 puntos	5 puntos
1.2. Porcentaxe paro rexistrado sobre poboación $\geq$ 16 anos	10 puntos	10 puntos
1.3. Densidade de poboación	10 puntos	10 puntos
1.4. Taxa de envellecemento da poboación	5 puntos	5 puntos
1.5. Parroquia ou entidade colectiva de poboación onde se localiza a inversión	10 puntos	10 puntos
<b>2. Características do promotor do investimento</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
2.1. Investimentos promovidos por mulleres, homes $\leq$ 40 anos ou $\geq$ 50 anos, persoas con diversidade funcional $>$ 33% ou en risco de exclusión social, inmigrantes ou emigrantes retornados ou por persoas xurídicas cuxos socios pertencen aos colectivos referidos nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	8 puntos	8 puntos
2.2. Investimentos promovidos por entidades de economía social (cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción, ...), por S.A.T., por C.M.V.M.C. ou polas súas mancomunidades	8 puntos	8 puntos
2.3. Investimentos promovidos por homes $>$ 40 anos e $<$ 50 anos ou por persoas xurídicas cuxos socios pertencen ao colectivo referido nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	4 puntos	4 puntos
2.4. Investimentos promovidos por persoas físicas desempregadas ou por persoas xurídicas cuxos socios sexan desempregados nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do capital social. A condición de desempregado acreditarase coa correspondente inscrición como tal no Servizo Público de Emprego durante, como mínimo, os 180 días anteriores á presentación da solicitude de axuda	2 puntos	2 puntos
<b>3. Incidencia no emprego do investimento (contarán postos creados a partir de 0,25 UTAS)</b>	<b>30 puntos</b>	<b>30 puntos</b>
<b>3.1. Por creación de emprego</b> (Puntos = (Nº de UTAs x 5) + (100.000/investimento total elixible))	<b>15 puntos</b>	<b>15 puntos</b>
<b>3.2. Por contratación de determinados colectivos</b>	<b>15 puntos</b>	<b>15 puntos</b>
3.2.1. Homes $>$ 40 anos e $<$ 50 anos	6 puntos	6 puntos
3.2.2. Mozos/as ( $\leq$ 40 anos) ou persoas maiores ( $\geq$ 50anos)	7 puntos	7 puntos
3.2.3. Mulleres	7 puntos	7 puntos
3.2.4. Persoas con diversidade funcional $>$ 33%, risco de exclusión social, inmigrantes/emigrantes retornados	1 puntos	1 puntos
<b>4. Impacto sobre o territorio do investimento</b>	<b>20 puntos</b>	<b>20 puntos</b>
<b>4.1. Incidencia sobre a economía da zona do investimento</b>	<b>10 puntos</b>	<b>10 puntos</b>
4.1.1. Proxectos ao abeiro dos instrumentos de recuperación e posta en valor de terras		10 puntos
4.1.2. Creación ou primeiro establecemento	10 puntos	8 puntos
4.1.3. Mellora da eficiencia enerxética	10 puntos	8 puntos
4.1.4. Ampliación ou modernización	5 puntos	4 puntos
4.1.5. Diversificación ou actividades complementarias	5 puntos	4 puntos
<b>4.2. Incidencia medioambiental na zona do investimento</b>	<b>5 puntos</b>	<b>5 puntos</b>
4.2.1. Localización en polígonos industriais	3 puntos	3 puntos
4.2.2. Utilización de enerxías renovables	2 puntos	2 puntos
4.2.3. Rehabilitación fronte a nova construción	1 puntos	1 puntos
<b>4.3. Carácter innovador do investimento</b>	<b>5 puntos</b>	<b>5 puntos</b>
O carácter innovador do investimento refírese á inexistencia dunha actividade similar na parroquia (valorarase a singularidade e novidade do proxecto), sempre e cando se acreditar mediante informe do concello ou outro método acreditativo similar, que non existe esta actividade de alta no IAE	5 puntos	5 puntos

